

Exposición

... MA PATRIE, MON FINISTÈRE

FRAGMENTOS DA CORRESPONDENCIA CAMUS - CASARES



**DATAS** do 22 de xuño ao 9 de outubro de 2022

**LUGAR** Fundación Luis Seoane, A Coruña

**PRODUCCIÓN** Fundación Luis Seoane

**COMISARIOS** Tono Mejuto, Silvia Longueira

Con motivo da celebración do centenario do nacemento de María Casares (A Coruña, 1922 – Alloué, Francia, 1996), a Fundación Luis Seoane presenta un proxecto audiovisual baseado na correspondencia que durante quince anos mantivo a actriz galega con Albert Camus. A relación que se establece entre ambos, que comeza en 1944 e finaliza en 1960 coa morte do autor nun accidente de tráfico, queda recollida nas case novecentas cartas que conforman o epistolario recompilado por Catherine Camus, filla do escritor francés e responsable da súa publicación en 2017.

Ademais dos detalles desta relación amorosa, nas cartas afloran os trazos de dúas personalidades marcadas polo exilio: María Casares aínda é unha adolescente cando se establece xunto á súa familia en Francia tras o golpe de estado de 1936 a causa da actividade política do seu pai, Santiago Casares Quiroga; e Albert Camus é fillo de colonos da Arxelia francesa, país que abandona na década dos 40 para establecerse en París. O desarraigamento, as complicacións do traballo creativo, as loitas particulares e a busca dunha identidade propia son algúns dos aspectos que recollen estes escritos, ademais das ideas xerais, do pensamento analítico e dos posicionamentos persoais dos seus protagonistas.

O proxecto, comisariado por Silvia Longueira e Tono Mejuto, contou co asesoramento da escritora María Lopo, doutora en literatura francesa pola universidade de Rennes e experta na figura de María Casares. A través do estudo da correspondencia publicada en 2017 pola editorial Gallimard, seleccionáronse unha serie de pasaxes que inclúen referencias a conceptos como patria, exilio, teatro ou escritura e desexo. Este criterio estableceuse co obxectivo de subliñar ata que punto sentimentos como o desarraigamento ou a súa condición de inadaptados serviron para reforzar o vínculo entre ambos autores, ou a incorporación de termos como patria ao seu vocabulario íntimo. Os procesos creativos de actriz e escritor, a convivencia coa súa contorna ou as numerosas referencias ao mar, unha constante nos recordos de María que terminará por incorporarse aos trazos da súa personalidade, recóllense en paralelo ás similitudes e coincidencias das súas traxectorias.

### **A peza audiovisual**

A peza ... *ma patrie, mon Finistère. Fragmentos da correspondencia Camus - Casares* concibiuse como unha experiencia audiovisual inmersiva. Para isto, o formato epistolar traducíuse primeiro nunha serie de imaxes tomadas nalgúns dos lugares nos que María Casares viviu, sobre as que se superpoñen as voces dos actores Johanna Silberstein, quen ademais é directora da Maison Maria Casarès; e de Philippe Canales, que len en orde cronolóxica as cartas conforme ás catro categorías nas que se

clasificaron os fragmentos escollidos. A lingua da proxección é o francés, a mesma que nos textos orixinais, subtitulada ao galego.

Estas imaxes proxéctanse en dúas pantallas curvas situadas en paredes enfrontadas, nas que se amosan escenarios de Alloue, onde se atopa a casa museo de María Casares, ou de Camaret, no Finistère francés, que tanto lle lembraba á intérprete a súa Galicia natal. A peza exhibese en bucle, e ten unha duración aproximada de 45 minutos.

*... ma patrie, mon Finistère. Fragmentos da correspondencia Camus - Casares* poderá visitarse na Fundación Luis Seoane ata o 9 de outubro de 2022.

*Para máis información e solicitude de imaxes:*

Emma Fernández Castro

**Fundación Luis Seoane**

San Francisco 27 - 15001 A Coruña

Tel. 981 216 015

[emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal)